

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDUREMTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES NON DELEGADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-**

A mesa de contratación, constituída no procedemento de adxudicación do servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do Concello de Ames non delegadas na Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o 1 de outubro de 2014, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación da empresas admitida a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Publico.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes declaradas admitidas no procedemento do seguinte xeito:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
Gestión tributaria territorial S.A.U	100

**Segundo.-** Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar Gestión tributaria territorial S.A.U , con CIF B- A81957367 son as seguintes:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo

a) servizo de colaboración na inspección 21% (sen IVE) da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza.

b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 79.000 €/ ano (sen IVE), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**B. Duración do contrato:** o Contrato terá unha duración máxima de execución de dous anos a contar dende a data de formalización do contrato, podendo prorrogarse anualmente mediante acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de catro anos.

**D.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada..

No prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

A sinalada na cláusula 15 apartado 2 dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a licitación

**Asemade deberá achegar:**

- Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha garantía definitiva por un importe de **25.439,15 euros** segundo se especifica na cláusula 6 dos pregos que rexeron para a licitación correspondente ao 5% do prezo de adjudicación de acordo co seguinte detalle:

	Servizo de colaboración Na inspección		Para a colaboración No resto da materia
	% Ofertado	Importe estimado Da débeda	Importe ofertado
	21	918.014,56	79.000,00
<b>Importe</b>		192.783,06	316.000,00
<b>5% garantía</b>		9.639,15	15.800,00
<b>TOTAL GARANTÍA</b>		<b>25.439,15</b>	

- Copia da Póliza de Responsabilidade Civil subscrita pola contía mínima de trescentos mil cincocentos seis euros establecida na cláusula 22 dos pregos.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adjudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

**Terceiro.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a dous de outubro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro